3. Ten previsto o Goberno galego modificar a súa política laboral dados os problemas xudiciais que está recibindo?

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2019 17:44:27

Noela Blanco Rodríguez na data 29/04/2019 17:44:33

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2019 18:19:38
Nº Rexistro: 49512
Data envio: 30/04/2019 18:19:38.393

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O carro varadero de Corme atópase nun estado que non permite o seu uso na actualidade. Isto acontece desde hai varios anos. Aínda así, o simple feito de continuar no porto, implica custos, que son sufragados pola confraría. Un dos que maior impacto ten é o seguro ante potenciais riscos.

Ante esta situación, e dado que se trata dun custe elevado, ao que lle resulta difícil facer fronte á confraría, máis aínda tendo en conta que se trata dunha instalación sen utilidade, foron varias as ocasións nas cales se solicitou a retirada ao ente de Portos de Galicia. Non obstante, a día de hoxe, estas demandas non tiveron éxito.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a situación actual na que se atopa o carro varadero de Corme?

2ª) Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego en canto ao carro varadero de Corme? No seu caso, cando?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 30/04/2019 18:16:18

Patricia Otero Rodríguez na data 30/04/2019 18:16:30

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2019 18:23:13
Nº Rexistro: 49516
Data envio: 30/04/2019 18:23:13.204

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O porto autonómico do concello de Cariño é o que move o maior número de mercadorías comerciais en Galicia, maioritariamente dunita e madeira. Isto representa, aproximadamente, o 25 % das mercadorías que se moven nos peiraos comercias autonómicos.

A explotación de dunita situada en Landoi, no concello de Cariño, é un dos alicerces que sosteñen a actividade portuaria. A maior parte desta mercadoría transpórtase por vía marítima en dirección ás industrias siderúrxicas de España, Bélxica, Italia e Alemaña, nos que a dunita se emprega na fabricación de ferro.

A zona norte de Galicia, en concreto a comarca de Ortegal, ten a maior concentración de bosques de eucalipto de Europa, cunha capacidade produtiva que supera o millón de toneladas anuais. Isto tradúcese nunha importante actividade económica para esta comarca. A súa madeira vai destinada a papeleiras españolas, portuguesas e doutros puntos de Europa.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a facturación de Portos de Galicia por cobros de taxas de actividade portuaria durante o ano 2018 no porto de Cariño?

2ª) Durante o ano 2018, cal foi a cantidade, en termos monetarios, que recadou polo movemento de comercialización e exportación de minerais o porto de Cariño, especificado por material?

3ª) Cal foi a cantidade, tanto de dunita como de madeira, transportada durante o ano 2018 dende o porto de Cariño?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2019

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2019 18:23:13
Nº Rexistro: 49516
Data envio: 30/04/2019 18:23:13.204

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/04/2019 18:12:12

María Dolores Toja Suárez na data 30/04/2019 18:12:36

Patricia Otero Rodríguez na data 30/04/2019 18:12:56

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49519
Data envio: 30/04/2019 18:38:31.017

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao cumprimento dos acordos parlamentarios relativos ás ameazas de deslocalización da empresa Unitono en Ourense que fornece servizos para Naturgy e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza.

No mes de abril de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexistrou unha batería de iniciativas ao ter coñecemento das ameazas de deslocalización da empresa Unitono de Ourense por derivarse carga de traballo a Reus e Colombia.

Unitono Contact Center é unha empresa situada no Parque Tecnolóxico de Ourense, no Polígono de San Cibrao, que opera en Ourense desde hai unha década, inicialmente nas proximidades do encoro de Velle para despois desprazarse á área industrial. É unha plataforma monocliente que traballa en en exclusiva para Naturgy, antiga Gas Natural Fenosa. Neste momento hai 130 persoas traballando na plataforma, malia que noutros anos o cadro de persoal chegou a elevarse até 250 noutros momentos.

Desde hai algúns meses a perda de funcións así como a baixada de chamadas foron levantando as alertas por parte dos e das traballadoras, que reiteradamente demandaron explicacións á empresa. Porén, esta negou a situación e o máximo que comprometeu no momento de asinar esta iniciativa foi poder asegurar dous meses sen tomar medidas contra as e os traballadores, cuestión de todo punto de vista inaceptábel.

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49519
Data envio: 30/04/2019 18:38:31.017

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que xa no ano 2013 esta plataforma de Unitono atravesou por unha situación complicada que culminou un ERTE despois do que, grazas ao sobreesforzo do cadro de persoal, a empresa continuou a súa actividade. No mes de abril o Comité coñeceu como viña de abrir unha nova Plataforma en Reus e estaban a desviar carga de traballo para alí e para Colombia, e mesmo atoparon ofertas de emprego en portais de internet onde incluso valoraban positivamente o coñecemento de galego. Esta situación confirmou as sospeitas do Comité de empresa, que iniciou mobilizacións e contactos con todo tipo de colectivos, partidos políticos e institucións.

O BNG impulsou iniciativas de diversa índole, tamén no Parlamento Galego, impulsando no Pleno deste un acordo unánime froito da xenerosidade de todos os grupos o pasado 30 de abril de 2019 co seguinte texto:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego as seguintes actuacións:

1.-Realizar as xestións oportunas co fin de determinar as razóns das intencións de deslocalización e a situación da empresa en Ourense e poñer a disposición a colaboración da Xunta de Galicia coa finalidade de manter a actividade da empresa Unitono na súa plataforma situada no Parque Tecnolóxico de Ourense.

2.- Realizar as xestións con Gas Natural Fenosa-Naturgy a fin de exixir que garanta a carga de traballo necesaria para o mantemento da empresa e dos postos de traballo actualmente existentes.

3.-Constituír unha mesa de traballo plural na que se garanta a representación do Comité de Empresa, coa finalidade de desenvolver a colaboración para as actuacións necesarias para asegurar carga de traballo para manter a actividade e os postos de traballo, evitando deste xeito a súa deslocalización.

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49519
Data envio: 30/04/2019 18:38:31.017

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Presentar no actual período de sesións un estudo onde se analice a situación do sector dos centros de chamadas así como as necesidades para garantir a súa viabilidade, o seu futuro e o emprego en Galiza."

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera necesario o compromiso da Xunta de Galiza a prol do mantemento dos postos de traballo e considera que unha eventual deslocalización desta empresa sería especialmente grave.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vaise dirixir o goberno galego a Naturgy para negocie con Unitono o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa en Ourense?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para cumprir os acordos citados?

-Cando constituíu a mesa de traballo? Con que resultado? Como valora o seu funcionamento?

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa Unitono en Ourense?

-Ten contactado o goberno galego con Naturgy? Con que resultados?

-Considera o goberno galego que hai risco de deslocalización? E dun ERE?

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49519
Data envio: 30/04/2019 18:38:31.017

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Parécelle racional á Xunta de Galiza que a compañía eléctrica explote os recursos naturais galegos e ourensáns e que despois deslocalice todo o emprego auxiliar posíbel? Que ten feito para evitalo?

-Considera o goberno que a inexistencia dun marco galego de relacións laborais no que inserir as negociacións dos centros de chamadas galegos é un problema? Demandará que isto mude?

-Pensa desenvolver o goberno galego algún Plan concreto no sector dos centros de chamadas para garantir o mantemento en Galiza dos postos de traballo? Con que directrices?

-Como valora a situación dos dereitos lingüísticos das e dos usuarios do noso país? Considera que están garantidos? Porque o goberno galego non fomenta que esta sexa unha vía de creación de emprego? Que vai facer para que a proximidade coa lusofonía sexa tamén unha vantaxe competitiva?

-Alén de en Unitono recentemente temos visto problemas e crises en Extel, Bosch, Vodafone... ten previsto realizar algún estudo para analizar a situación do sector así como as necesidades para garantir a súa viabilidade e o seu futuro?

-E unha mesa de negociación galega a prol do sector do telemárketing? Cales son as razóns?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49519
Data envio: 30/04/2019 18:38:31.017

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2019 18:37:45

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2019 18:37:49

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2019 18:37:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2019 18:37:52

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2019 18:37:53

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2019 18:37:55

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:22:09
Nº Rexistro: 49551
Data envio: 02/05/2019 17:22:09.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre o peche dunha unidade de ensino infantil no CEIP de Albeiros en Lugo

A Consellaría de Educación comunicou á dirección do CEIP de Albeiros, no Concello de Lugo, que no curso 2019/2020 pechará unha aula de 4º infantil o que reduce o número de prazas a 25 provocando que 11 crianzas fiquen sen posibilidade de se matricular neste centro, a maioría veciñas e veciños do barrio.

A decisión da Xunta de Galiza supón a perda de dous docentes e obriga as familias afectadas a levar as súas fillas e fillos a outros centros como o das Gándaras ou o Luís Pimentel, máis afastados das súas vivendas.

Certo é que o CEIP de Albeiros é de liña única, porén, até o momento viña funcionando con dúas aulas polo que non resulta moi comprensíbel, especialmente para a veciñanza, a decisión adoptada polo Goberno.

O Grupo parlamentar do BNG quere trasladar ao Parlamento o malestar e rexeitamento da ANPA do CEIP de Albeiros que ten solicitada unha xuntanza coa Inspección educativa para reclamar a recuperación da aula.

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:22:09
Nº Rexistro: 49551
Data envio: 02/05/2019 17:22:09.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que suprimiu a Xunta de Galiza unha aula de 4º de infantil no CEIP de Albeiros cando con anterioridade contaba con dúas?

- Que razóns xustifican a supresión cando previamente si existía?

- Pensa a Xunta de Galiza atender as demandas da dirección do centro e da ANPA e recuperar a segunda aula de 4º de Infantil?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:22:09
Nº Rexistro: 49551
Data envio: 02/05/2019 17:22:09.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2019 17:21:22

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2019 17:21:27

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2019 17:21:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2019 17:21:29

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2019 17:21:31

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2019 17:21:32

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:46:55
Nº Rexistro: 49560
Data envio: 02/05/2019 17:46:55.948

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado día 29 de maio de 2019 publicáronse os pregos de condicións técnicas do concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente ofertado polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

No novo concurso público de servizos de transporte sanitario urxente, que se atopa en fase de licitación, o persoal das ambulancias estará composto por dúas persoas técnicas de emerxencias, un medico ou unha médica e un enfermeiro ou enfermeira, agás nas ambulancias de Foz, Monforte e O Salnés, onde a Xunta de Galicia suprime un destes técnicos nos pregos.

Este servizo de urxencias extrahospitalarias atende patoloxías tempodependentes, é dicir, onde a vida dos doentes corre perigo, e con este novo servizo non se pode asegurar a calidade na atención das persoas. O equipo humano é fundamental para atender esas patoloxías ou situacións, e polo tanto, a presenza dos dous técnicos para poder localizar e chegar o punto da emerxencia é fundamental sobre todo nunha zona rural como é o ámbito de actuación deste recurso de soporte vital avanzado.

Na actualidade a ambulancia medicalizada con base en Foz conta en cada quenda de garda con dous T.E.S, un médico e un DUE, coma o resto de ambulancias medicalizadas do territorio galego. Tras o recorte de persoal a dotación humana só estará formada por un TES, un médico e un DUE, situación que non se producirá no resto das ambulancias medicalizadas de Galicia.

Esta supresión dun T.E.S na ambulancia de Foz suporá diferencias na atención que sufrirán os habitantes de Foz e da Mariña lucense en xeral e creará a figura de pacientes de primeira e de segunda.

O Partido Popular de Galicia ataca unha vez máis a sanidade pública da Mariña de Lugo, con este novo recorte de persoal.

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:46:55
Nº Rexistro: 49560
Data envio: 02/05/2019 17:46:55.948

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Desde o Grupo Socialista pedímoslle ao Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia que garanta, para a Mariña de Lugo, a igualdade de condicións coas ambulancias medicalizadas do resto de Galicia.

A maiores no ano 2011 recortouse o horario da ambulancia asistencial con base en Foz. Un servizo que, a día de hoxe, segue cun inxustificado horario recortado a 12 horas, que empeora os tempos de resposta do servizo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Pensa o Goberno galego que coa supresión dun Técnico de Emerxencias Sanitarias da ambulancia medicalizada de Foz, tal e como se reflicte nos pregos de condicións técnicas do novo concurso para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, pode asegurarse a calidade da atención ás persoas con patoloxías tempodependentes?

2ª) Ten pensado o Goberno galego modificar o novo concurso para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, de xeito que se manteñan as dúas persoas técnicas de Emerxencias Sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz?

3ª) Vai o Goberno galego restablecer o horario de 24 horas da ambulancia asistencial con base en Foz? Se for o caso, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 02/05/2019 17:42:19

Julio Torrado Quintela na data 02/05/2019 17:42:29

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:46:55
Nº Rexistro: 49560
Data envio: 02/05/2019 17:46:55.948

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Noela Blanco Rodríguez na data 02/05/2019 17:42:36

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:49:20
Nº Rexistro: 49563
Data envio: 02/05/2019 17:49:20.286

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e se determina o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio,* vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das menores e dos menores en familias en situacións de conflito.

Á súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero,* establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos aos que terán que se axustar os puntos de encontro familiar se establecerán regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a Administración.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:49:20
Nº Rexistro: 49563
Data envio: 02/05/2019 17:49:20.286

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

No ano 2013 a Xunta de Galicia decidiu trasladar o punto de Encontro Familiar de Ourense, ás instalacións da Casa da Xuventude. As profesionais do eido do social, as organizacións feministas, e desde o PSdeG, levamos tempo denunciando a situación na que se atopa, insistindo en que non é o emprazamento axeitado dado que é un espazo que está excesivamente exposto, e que non protexe axeitadamente a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo.

Recentemente, as organizacións feministas volveron denunciar a situación na que se atopa este servizo pola:

- Revitimización das vítimas de violencia machista ao tratar a intervención nestes casos como se se tratase simplemente de divorcios conflitivos, reproducindo e perpetuando estereotipos sobre estas mulleres e a violencia, e deixando aos meniños e meniñas en situacións de desamparo e risco.

- Negativa desde o servizo do Punto de Encontro Familiar a coordinarse con distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos, que atenden aos nenos e nenas e familias que acoden ao punto de encontro, saltándose os principios reitores da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e os principios xerais da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e obviando a obriga legal de garantir un tratamento integral da atención a mulleres que sofre violencia de xénero.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento do Punto de Encontro Familiar de Ourense?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que a actual radicación deste espazo garante a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo?

3ª) Ten realizado a Xunta de Galicia inspeccións recentes sobre o seu funcionamento?

4ª) En caso afirmativo, cal foi o resultado?

5ª) Estase levando a cabo no Punto de Encontro Familiar de Ourense unha axeitada coordinación con distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos?

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:49:20
Nº Rexistro: 49563
Data envio: 02/05/2019 17:49:20.286

6ª) Recibiu a Xunta de Galicia queixas sobre o funcionamento do PEF de Ourense?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/05/2019 17:39:10

María Luisa Pierres López na data 02/05/2019 17:39:16

Julio Torrado Quintela na data 02/05/2019 17:39:27

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49547
Data envio: 02/05/2019 16:16:26.397

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo Lopez, Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral escrita.**

No novo concurso publico de servizos de transporte sanitario urxente da Xunta de Galicia que está en fase de licitación, o persoal das ambulancias de toda a Comunidade Autónoma estará composto por dous técnicos de emerxencias, un médico e un enfermeiro como ata agora, excepto nas ambulancias de Monforte, Foz e o Salnés onde o PP suprime un destes técnicos nos pregos.

No caso de Monforte ata de agora non existía este servizo de ambulancia medicalizada e cando, despois de moitas protestas e peticións, se establece o fai infradotada con unhas carencias que non existe no resto de Galicia ofrecendo de forma deficiente un servizo moi necesario xa que atende patoloxías tempodependentes, é dicir onde a vida das paciente corre perigo e con este recorte que quere facer a Xunta de Galicia non se garante a calidade do servizo en Monforte poñéndose en perigo a vida dos pacientes.

Non se entenden as causas que levan a establecer un servizo de ambulancias medicalizadas en Monforte con menores servizos que no resto de Galicia. Isto supón un empeoramento da asistencia xa que os TES son figuras fundamentais na atención extrahospitalaria e un novo agravio comparativo para a sanidade publica da provincia de Lugo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Cales son as causas que levaron a Xunta de Galicia a decidir que o servizo de ambulancias medicalizadas en Monforte contara con un técnico menos que no resto de Galicia?

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49547
Data envio: 02/05/2019 16:16:26.397

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

2.ª) Considera a Xunta de Galicia que esta medida mantén a equidade dos servizos médicos en todos os territorios de Galicia?

3.ª) Non considera que este decisión de establecer un servizo infradotado supón un empeoramento da calidade asistencial para os veciños do sur da provincia?

4.ª) Por que os veciños e veciñas de Monforte e do sur da provincia de Lugo non teñen os mesmos dereitos a un servizo médico asistencial que o restos dos galegos e galegas?

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galici

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/05/2019 16:10:59

Noela Blanco Rodríguez na data 02/05/2019 16:11:10

Julio Torrado Quintela na data 02/05/2019 16:11:18

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49549
Data envio: 02/05/2019 16:25:07.221
Data 02/05/2019 16:25

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 47464,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e don Marcos Cal Ogando, sobre **"as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade en relación cos resultados das analíticas realizadas á veciñanza de Contrasto, no concello do Porriño, respecto da contaminación por lindano, a elaboración dalgún plan para a protección da saúde humana e o protocolo sanitario que está a seguir no referido a este problema"**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á pregunta nº 47467, que tivo lugar no pleno do 10 de abril de 2019 e que estaba formulada polos/as mesmos/as deputados/as e sobre o mesmo tema.

Pode consultarse a resposta no seguinte enderezo:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-10?part=32243fc0-f87c-4367-8cb5-da29006fa5b4&start=6002

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

159928

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/05/2019 16:25:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49549
Data envio: 02/05/2019 16:25:07.221

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/05/2019 16:25:03

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 12:18:42
Nº Rexistro: 49471
Data envio: 29/04/2019 12:18:42.750
Data 29/04/2019 12:18

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48568** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar o impacto medioambiental no regato de Piñor, nos ríos Furelos e Ulla, así como para a saúde humana, das verteduras procedentes do polígono industrial de Melide"**, (publicada no BOPG número 459 do 10 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (que fai referencia expresa e respecta esta lexislación básica e o principio de autonomía local), os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais.

A Administración autonómica non ten atribuídas as responsabilidades en materia de saneamento e depuración nin pode interferir na execución dunhas competencias que son dos concellos.

O que si se vén facendo desde a Administración hidráulica de Galicia e se seguirá a facer é prestar apoio aos concellos, nesa materia de competencia municipal, axudándoos técnica e financeiramente a desenvolver de xeito máis eficaz e eficiente as competencias que teñen reservadas en materia de subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración.

No exercicio das súas competencias, Augas de Galicia traballa para corrixir a situación, mediante a realización de inspeccións de vertidos, no caso de producirse. Estas situacións dan lugar á apertura dos oportunos expedientes e á realización das actuacións precisas para investigar os feitos e para a adopción das medidas necesarias para emendar o vertido e, de ser o caso, para a sanción dos feitos.

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

159930
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 29/04/2019 12:18:18

Tamén desde Augas de Galicia se vén mantendo unha colaboración técnica e financeira co Concello de Melide que se reflicte nos traballos xa efectuados nos últimos anos.

Unha primeira fase, xa executada, foi a realización do proxecto de mellora da rede de saneamento do polígono. Coa execución deste proxecto, completouse unha rede separativa, o que permitiu afrontar unha segunda fase na resolución do problema, consistente na análise dos caudais e das concentracións dos principais contaminantes que circulan por esta rede. Ao ser augas industriais, resulta fundamental caracterizar ben a natureza das augas residuais, para comprobar se son compatibles coas augas residuais urbanas e, en función do resultado, os técnicos poidan decidir o mellor sistema de tratamento.

Por este motivo, organizouse unha campaña de medicións de caudais, en tempo seco e en tempo de choiva, durante varias semanas, con días laborables e non laborables, e tomáronse e analizáronse mostras de augas suficientes para poder obter polutogramas representativos deste polígono.

Tras a realización destas análises comezouse a traballar nunha terceira fase, para a redacción dun proxecto construtivo que resolva definitivamente os problemas de saneamento do polígono da Madanela. Augas de Galicia tramitou o contrato para a redacción deste proxecto, redacción que se está a facer nestes momentos.

Desde a Xunta de Galicia tense traballado e continuarase traballando para dar unha solución ao problema de saneamento do polígono de Melide nun marco de colaboración co Concello**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 12:18:42
Nº Rexistro: 49471
Data envio: 29/04/2019 12:18:42.750

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/04/2019 12:18:18

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGAvnDuXrXe2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/